



Conversa con Iñaki Martínez Director do Marco

Xosé Manuel Lens

“Tentamos ir máis alá do que é un museo de arte contemporánea para un público especializado”

Entrevistamos a Iñaki Martínez Antelo na coincidencia da celebración dun ano do seu nomeamento como director do MARCO e na proximidade da celebración do quinto aniversario do museo. Capturamos reflexións sobre os modos de actuar como director dun centro de arte no ámbito galego, das súas diversas problemáticas e dos principais obxectivos e retos para os vindeiros anos. Retratamos a súa extensa traxectoria, desde os anos de formación iniciais ata a chegada á Dirección, mentres repasamos os campos de traballo do museo, da súa relación con outras institucións e cos axentes artísticos, ao tempo que se mide a súa integración, incuestionable e paradigmática, no mapa cultural galego.

Xosé Manuel: Quero enfocar a entrevista de xeito cronolóxico: antes e despois de ser director; como observas esa cuestión, ¿como é o perfil do profesional director de centro ou museo? Gustaríame saber o que é menos coñecido, ¿que tipo de traballo facías antes, no Instituto de Estética, logo en Valencia, CGAC, Auditorio de Galicia, e despois en Casa Asia, antes de chegar a responsable do MARCO?. ¿Como foi a túa promoción?

Iñaki Martínez: Despois de acabar de estudar Historia da Arte Contemporánea en

Santiago marchei a Madrid ao Instituto de Estética, que era un organismo que dependía da Universidade Autónoma. Esta iniciativa esti-



1

vo en marcha durante dez anos e estaba financiada por Banesto. Eran uns cursos de doutoramento-máster que duraban dous anos; cada semana tiñamos dous profesores distintos, de diferentes ámbitos. Viñan directores, comisarios, artistas, xente de teatro, música, sobre todo de estética. Foi unha formación importante, moi completa, coñeces a moita xente. Foi unha pena que rematará; por alí pasaron profesores desde Juan Muñoz, Gloria Moure, Llorenç Barber, Francisco Jarauta, Félix Duque, Ángel Gabilondo, Remo Guidieri, Antoni Marí, etc.

Mesmo saíron nomes que hoxe en día están protagonizando diversas presenzas na arte contemporánea actual.

Si. Fun compañeiro de Elena Cabello e Ana Carceller, de Fernando Sánchez Castillo, etc. Despois dos estudos solicitei facer prácticas no IVAM, que consideraba que era o museo de arte contemporánea que mellor funcionaba en España, foi o primeiro museo que tivo un departamento de rexistro -moitos non o teñen aínda hoxe en día- seguindo o modelo americano: rexistro, exposicións, etc. Interesábame moito ver cómo funcionaba un museo por dentro, cómo funcionaban estes departamentos. Admitíronme no IVAM, estiven alí tres meses, e a raíz de traballar alí xurdíume a posibilidade de marchar a Santiago de Compostela, onde había poucos meses que nomearan a Gloria Moure directora do CGAC; solicitei unha entrevista. Querían poñer a funcionar o departamento de publicacións e comecei con iso. Despois pasei ao departamento de rexistro, que se encargaba dos transportes, os seguros, un traballo máis na sombra. Todo isto permitíume saber qué se facía en cada departamento.

Falando do perfil que decote teñen outros directores, outros que veñen da crítica, doutros medios, o certo é que coñecer o traballo que se realiza en cada departamento foi algo fundamental á hora de incorporarme ás tarefas de dirección.

Nese caso ti terías o acceso á dirección desde a base, de escala; non realizaches o salto desde a universidade, un ámbito moi habitual. Despois no Auditorio de Galicia e en Casa Asia desempeñaches outras tarefas, máis vinculadas á exposición propiamente dita.

No Auditorio foi distinto, entrei como coordinador de exposicións; en realidade como "todo" de exposicións. Cubría todas as

fases dunha exposición porque as persoas que traballaban alí dedicábanse sobre todo á temporada de concertos, que era a base da programación do Auditorio. Tiña que facer o rexistro, a coordinación de exposicións, das publicacións, etc.

Casa Asia foi realmente a experiencia exterior, despois da do IVAM.

Despois marchei a Casa Asia, traballando en exposicións e no que tamén fixera no Auditorio: programación e produción de espectáculos de música, de teatro, ciclos de conferencias, etc.

¿Cres que en Galicia nos incorporamos moi tarde á idea de director de centro de arte? Parece que o teu caso e o de Manuel Olveira no CGAC son os exemplos de directores que se constrúen, un posto que chega como algo lóxico despois do traballo que desenvolvestes ao longo da vosa traxectoria en campos de institucións afíns.

Si, creo que normalmente os directores non chegan así. Non seguen este proceso. En España o máis habitual é o mundo universitario e da crítica. Quizais é menos habitual que sexa un técnico.

Chegas ó MARCO, con Carlota Álvarez Basso, na súa creación.

Si, empecei uns meses despois da inauguración. Desde o MARCO fíxose unha convocatoria de prazas, eu estaba en Casa Asia e presenteime. Interesábame moito o proxecto, pensaba que se estaba facendo moi ben porque por primeira vez a directora estivera presente na última fase de construción do edificio. Seguí as convocatorias de prazas e considerei que podía ser un proxecto interesante. A Carlota coñecía por proxectos que desenvolvera noutros sitios e entendín que

sería moi enriquecedor traballar con ela. Presenteime a estas prazas sen ter decidido se quería volver a Galicia e, finalmente, valorando a situación, decidínme. Para min era tamén un reto importante porque como responsable de exposicións tes que tomar máis decisións que como coordinador, tes que executar.

¿Cal sería a diferenza exacta entre coordinador e responsable?

Un responsable de exposicións é un conservador xefe. Tomas decisións artísticas. As competencias dun coordinador normalmente son máis técnicas. Como responsable tiven que colaborar na programación, que é o que aprendín aquí, a medida que o proxecto íase desenvolvendo.

A historia que lembro sobre a actuación do equipo de Carlota aquí é que non eras un profesional na sombra. Eras unha figura necesaria; nunca entendín o concepto responsable, cando realmente iso é un conservador xefe. Ti traballabas a nivel interior, en contacto con outros departamentos.

Realmente si. O traballo é de conservador xefe, é unha subdirección artística. Ao igual que o director fai labores de elaboración de orzamentos, contactos coas institucións, temas de persoal e demais, un responsable de exposicións traballa cos artistas, supervisa as fases de produción, etc.

Iso foi unha experiencia para dirección, para experimentar e adecuarse a unha serie de termos.

Si. A directora e mais eu entendíamonos moi ben coa programación, en propostas ou gustos artísticos e demais, cunha sintonía importante. Cada vez tiña máis marxe e máis competencias para programar, propor, comisar.

E despois xa chegou o proceso de elección como director.

Si, fíxose unha selección. Durante o proceso estivemos seis meses sen director. Foi, a verdade, un tempo complicado para o museo. Neses meses non estaba de director en funcións nin moito menos, pero si que tiven que tomar decisións que, polo baleiro transitorio de poder, alguén tiña que facer. Non de programación, porque a programación estaba máis ou menos pechada, pero si doutro tipo. Foi un proceso aberto, ao que se presentaron máis de trinta persoas; o Padroado tiña diversas opinións, fíxose unha selección ata quedar tres finalistas, e escolléronme a min en parte, entendo, por apoiar a continuidade. Era unha persoa de dentro da institución, e nese momento confiouse na continuidade do proxecto.

Creo que decidiu moito o feito de saber cómo se estaba traballando ata ese momento; foi unha garantía.

Creo que obxectivamente foi un acerto, e non o digo por tratarse de min. Todos sabemos



que os cambios drásticos que se producen nos museos non adoitan beneficiar a ninguén, polo menos cando se trata dun proxecto tan novo -naquel momento o MARCO cumpría tres anos de funcionamento. Todos coñecemos casos nos que se cancelou a programación ou se despediu o persoal. De feito, hai moitos que non se recuperan de situacións así.

Si, estou de acordo. Estamos vendo moitos profesionais que ocupan postos de segundos e quedan de responsables ó irse o director, xente con ¿qué se estivo formando. Neste sentido, que cuestións te encontraches ó ser nomeado director?

A verdade é que ao principio non atopei demasiadas. Foi moi raro, como anécdota, para min e para o persoal, pasar de compañeiro a xefe. Eu tiña, e creo que teño, moi boa relación co equipo e iso é un tanto estraño porque o xefe sempre é o xefe. Houbo momentos que non resultaba doado, pero arraxámolo ben, e a ese nivel, bastante ben. No resto, a verdade é que atopei o museo en boa posición tanto no ámbito local coma mesmo no nacional.

Estamos facendo un traballo interesante con esta serie de exposicións colectivas que decidín manter, que nos diferencia e que fai que a nosa programación se individualice respecto á doutros sitios; tamén facemos proxectos máis diversos, máis arriscados ou máis de investigación, ligados ao contexto no que traballamos.

A outros niveis, temos un orzamento moi baixo, un dos máis baixos de centros de arte de España. Non é que necesitemos moitos cartos para programar, pero temos un edificio moi grande e custoso de manter e un equipo humano moi pequeno; todo isto a priori son dificultades, pero a xente é moi entusiasta. O edificio, ademais do ben que está situado na cidade, fai funcións máis de centro que de museo de arte contemporánea: levamos a cabo moitas actividades, case todos os días temos iniciativas no salón de actos, un amplo programa educativo, concertos para un público máis novo, cursos para adultos. Intentamos ir máis alá do que é un museo de arte contemporánea para un público especializado.

3



Falemos do capítulo das próximas exposicións, do ano 2007. Despois de tres acontecementos importantes este ano: Urbanitas cunha especie case de novidade e impulso xeracional (unha colectiva sobre unha nova mirada da arte actual en Galicia), o premio novos comisarios, cunha aceptación no ámbito internacional moi interesante, e a última exposición A Mostra Invisible.

Estou moi satisfeito e sorprendido de termos sido capaces de facer unha programación tan sólida cun orzamento tan xusto. Tamén conseguimos producir algún destes proxectos con outras institucións, o que para nós é fundamental; por exemplo, non poderíamos ter feito a exposición de son sen coproducila con outro centro, neste caso o José Guerrero de Granada, nin a exposición de Israel tería sido posible sen a axuda do Ministerio de Asuntos Exteriores de Israel, ou *Switch on the Power!* co CAAM e o Centro Cultural Montehermoso de Vitoria. Un proxecto como *Urbanitas* é moi arriscado, nunca ninguén se metera nunha aventura así, unha exposición con 30 artistas, tendo en conta que moitos deles non tiñan unha experiencia profesional, e que a case

todos se lles produciu obra nova. Foi un esforzo considerable; e certamente estamos moi satisfeitos do resultado.

Respecto á exposición que comentabas, a de son, á hora de programala sempre tiven moi claro o interese que podía ter un proxecto así, e era esencial inventar cómo presentala, especialmente nunhas salas coma as nosas. Foi unha exposición difícil de mostrar. Non temos grandes medios nin chamamos a un estudo de arquitectura para a montaxe, nin a unha empresa de illamento acústico, cousas que en principio parecerían obrigadas; todo foi máis 'caseiro', por así decir, e con todo resultou impecable. Foi unha mostra que funcionou moi ben con unanimidade de crítica, prensa e público.

Un dos nosos obxectivos é o de non limitarnos a facer exposicións, que se acaben e desaparezan. Os talleres de artista son precisamente para que quede algo: quero incidir nisto, oxalá puidésemos facer moitos máis. Consideramos fundamental que os artistas e estudantes do noso contexto teñan acceso ós profesionais, comisarios e artistas que pasan



polo MARCO. No 2007 tentaremos facer máis, aproveitando que veñen para as exposicións, para que asistan estudantes de belas artes e disciplinas afíns, como complemento á súa formación, ou novos creadores, para que poidan ter un contacto directo con artistas que están desenvolvendo un labor profesional, para coñecer cómo se traballa.

Por último, o de convocar un premio para novos comisarios parte dunha análise da situación actual, na que existen moitos premios para novos artistas -e, por certo, se cadra debería haber máis, non tanto de dotación económica, de premios en metálico, coma de bolsas para residencias no estranxeiro. O certo é que observamos que en Galicia non había ningún premio a comisarios. Nun principio ía ser para comisarios galegos pero ao final démoslle unha dimensión máis ampla e decidimos pasalo do Espazo Anexo -onde nun principio estaba programada a exposición gañadora do certame- ás salas do primeiro andar, e facelo de ámbito internacional. Pareceunos que convocar un premio só para os comisarios galegos era limitarnos un pouco, e de feito a metade dos proxectos que chegaron

eran internacionais; galegos recibíronse moi poucos: só 4, dun total de 48 proxectos recibidos. Dado o éxito e a aceptación obtida repetirémolo o ano que vén, e oxalá o gañador sexa de Galicia.

*¿Con que liña che interesaría traballar?
¿Que exposicións destacarías de 2007?*

A exposición *Doppelgänger. O dobre da realidade* é o resultado do premio de novos comisarios, do que a gañadora foi unha comisaria nova mexicana. Imos continuar co apoio á produción dos artistas de aquí que nos parecen interesantes no Espazo Anexo. Faremos proxectos con artistas non tan emerxentes, mesmo consolidados coma Carlos Rial, Suso Fandiño, Carme Nogueira ou o proxecto que xurdiu a partir do taller que fixeran os membros do colectivo *Escoitar.org*, como Chiu Longina ou Berio Molina, Julio Gómez, Juan Gil e Horacio González, que preparan unha proposta para o Anexo coa colaboración dos participantes no taller. Os resultados daquel obradoiro parecerónnos máis que interesantes e necesitaban continuar traballando e investigando, polo que decididamente contaron co noso apoio para esta mostra no Espazo Anexo.

En 2007 destacaría a exposición *Entre Fronteiras*, que inauguramos en febreiro, comisariada por Carolina Grau. Un tema no que están traballando moitos artistas, derivado dos cambios no mundo despois da caída de fronteiras, e do acrecentamento doutros debates coma os relacionados coa inmigración ilegal, os conflitos lingüísticos, os nacionalismos... unha mostra cunha gran forza visual e que vai suscitar -espero- moitas reflexións. Tamén temos unha exposición que comisaría Rosa Olivares, coproducida co Koldo Mitxelena que se titula *Documentos, a memoria do futuro*, que a través de fotografías e vídeos analiza diferentes xeitos de documentar a realidade contemporánea. Por outra banda, unha vez ao



ano estamos facendo unha exposición de ámbito xeográfico, como mostra do que se está a facer nun país determinado: por exemplo, neste ano a dedicada a artistas novos de Francia, que coproducimos cun museo francés e cun espazo novo que se vai inaugurar en Bruxelas.

Un dos proxectos máis importantes para 2007 é unha exposición que servirá para celebrar o quinto aniversario do museo, comisariada conxuntamente por Isabel Carlos, crítica de arte portuguesa, e mais eu. É unha proposta que ocupará todo o edificio e se estenderá a outros espazos da cidade; o eixe temático é o paso do tempo, un tema que pode dar moito de si.

Na liña que se presenta cos centros de arte a nivel infraestructural, o MARCO axudou indirectamente a potenciar fundacións, novas galerías e, sobre todo, provocou un aumento de público a acontecementos artísticos. ¿Consideras que o MARCO está axudando a cambiar o público vigués, especialmente relacionado coa arte contemporánea?

Creo que a creación do MARCO foi importante e si que foi un revulsivo, de feito abríronse novas galerías nas inmediacións. Había galerías xa existentes como Bacos ou Adhoc, que buscaron locais novos e se achegaron ó museo, desenvolvendo unha programación máis interesante e máis arriscada, porque saben que hai público que vén de fóra ou de aquí que nos visita e que despois vai visitar as galerías. Algo que tamén funcionou para as fundacións. De feito, agora no centro de Vigo coa apertura dos novos espazos de Caixanova e da Fundación Barrié, ademais da aparición de novas galerías, creo que se activou o panorama e beneficiáanos estar tan preto. A todos nos vén ben.

Aínda que é un tópico, Vigo é unha cidade nova, dinámica, e nótase nun museo que está crescendo.

En Vigo había un público que necesitaba e segue necesitando infraestrutura cultural que non tiña. Cidades como Santiago e A Coruña están dotadas desde hai anos de máis recursos culturais. Vigo aínda non ten un auditorio, estase construíndo agora, non ten un teatro municipal ou unha biblioteca pública.

¿Realmente incorporaches o concepto contemporáneo, institucional, á cidade?

Se falamos de públicos, hai que ter en conta que nas cidades existen ciclos, teñen os seus momentos; en ocasións o público está tan saturado de oferta que xa non sabe o qué asistir, ou non responde de igual xeito. Hai público tamén que está afeito a un determinado número de actividades, e cando non se lles dan, ou se lles ofrecen outras de peor calidade, deixa de asistir. En boa medida isto apréciase en Vigo. Non quero parecer arrogante pero o que facemos no MARCO funciona cos nosos públicos, ten unha boa acollida, isto é incuestionable: nos cursos de adultos de iniciación á arte contemporánea hai lista de espera, os concertos que facemos están cheos, as conferencias adoitan ter moito público, todos os días veñen grupos de escolares e outros públicos que participan nas visitas guiadas. Este ano tivemos 25.000 visitantes máis que en 2004; pero o importante non son os resultados cuantitativos, senón cómo estes resultados se relacionan cunha valoración cualitativa da oferta, e da súa incidencia na formación de novos públicos. Neste sentido é significativo o número crecente de membros da Agrupación de Amigos: case 500 a día de hoxe. Para nós o máis satisfactorio é acadar este aumento de público facendo a programación que queremos.

¿E a relación coa empresa privada?

Esta é unha das materias pendentes, fáltanos máis implicación da empresa privada, como socios corporativos da Agrupación de

Amigos. Ofrecémoslles moitas vantaxes: actividades exclusivas, visitas profesionais e visitas guiadas cos comisarios, cos artistas, organización de viaxes, excursións e programas fóra do MARCO...

No contexto da nosa Comunidade Autónoma ¿cres que o MARCO sempre tivo como referencia o CGAC? ¿Por que se fai esa comparación e non se compara co MUSAC, Serralves ou con outros centros?

Sempre é inevitable esa comparación. Ó final somos os centros ou museos de arte contemporánea que hai en Galicia, neste sentido temos unha excelente relación. De feito estamos colaborando no Proxecto-Edición e colaboraremos en máis iniciativas. Nós somos os primeiros interesados en que o CGAC teña unha programación interesante, beneficiámonos diso, especialmente co público de fóra de Galicia. Somos conscientes de que moita xente que vén de fóra, cando programa unha visita, se interesa pola programación do MARCO e do CGAC, o mesmo que cando vas a Madrid ou ao País Vasco esperas a que coincidan dous ou tres proxectos. Eu non lle vexo moito senti-

do a esta comparación; o que temos que facer é traballar xuntos e canto mellor sexa a programación, mellor para ambos. O feito de que non se nos compare con Serralves e co MUSAC é tan simple como que estamos en Galicia, somos os dous centros galegos. Tamén nos beneficiou a apertura do MUSAC, recibimos tamén público que vén de Madrid en coche, pasa por León e segue ata Vigo e Santiago.

¿Segue existindo aquel convenio inicial que tiñades co José Guerrero e co ARTIUM?

Si, chámase REM, Red Española de Museos. Aquel primeiro convenio foi pioneiro, foron os tres primeiros museos que estableceron algo así. Fíxose porque os tres abriron practicamente a un tempo, e abría posibilidades para a coprodución de exposicións, o intercambio de información, contactos e demais. Si que segue funcionando, o que pasa é que hai veces que interesa coproducir exposicións e outras non. Agora mesmo a mostra de son que está no MARCO viaxa ao José Guerrero. Ós centros que se lles propuxo esta exposición foi a eles por estar na REM; ao ARTIUM non lle encaixa-



ba na súa programación, pero a Yolanda Romero, directora do centro de Granada, interesoulle e aí está.

Centrándonos en Galicia, ¿cres que debe existir un espazo de produción como Arteleku?, e se existise, ¿cómo cres que se vincularía cun centro coma o MARCO?

A verdade é que sería moi interesante un centro de produción como Arteleku en Galicia, de feito no MARCO ou no CGAC asumimos algunhas das funcións que lle corresponderían a un modelo así. Non podemos facer máis porque os nosos edificios, as nosas arquitecturas, o noso persoal e orzamentos non se adaptan. Para toda esta programación que facemos de talleres, produción de obra, buscamos a vida doutra forma. Pero en ningún caso poderíamos suplir o que fai Arteleku. Non entendo como non hai un espazo desas características, un proxecto que obtivo uns resultados máis que comprobados; supoño que é moito máis apetecible mostrar os resultados a curto prazo nun museo, nunha sala de exposicións ou nun auditorio que nun centro así, onde hai un traballo oculto e os resultados non son inmediatos; non hai inauguración de exposicións, por exemplo. Pero a importancia está aí; agora mesmo preguntas cantos artistas vascos se coñecen fóra e cantos galegos e a diferenza é abismal, e Arteleku tivo moito que ver nisto. Hai un artista vasco na próxima Documenta, na Bienal de Extambul, na última Bienal de Venecia houbo un montón de artistas vascos e ningún galego.

E a problemática da Cidade da Cultura de Galicia, ¿cómo a ves?

É unha obra que afecta a Vigo porque absorbe gran parte dos orzamentos públicos. Oxalá non se tivera empezado nunca, pero agora hai que facer algo con ela. O máis preocupante e que só se fala dos custos arquitect-



7

tónicos, de infraestrutura, pero unha vez inaugurada que vai suceder, que ocorrerá cos gastos de mantemento, recursos e programación.

¿Como analizas a arte que se realiza en Galicia, traballo de artistas, etc?

Creo que temos artistas tan preparados como noutros sitios, con talento e profesionalidade. Necesitan un pulo, algúns estamos facendo intentos para ver se é posible, e agardo que se empecen a ver pronto os resultados.

¿E a vosa vinculación coa facultade de belas artes de Pontevedra?

Fixemos varios proxectos con eles e esperamos seguir facendo moitos máis. Estamos

moi preto e é lóxico que contemos con eles para todo, non só é o noso público potencial senón tamén os nosos usuarios, coma nos talleres de artista, que facemos pensando neles. Cando un artista vén montar e necesita asistentes, chamámoslos a eles, son unhas prácticas interesantes. Tamén temos organizado actividades de formación como o curso que dirixiu Alberto Ruiz de Samaniego, profesor de belas artes, ou unha exposición comisariada por Ignacio Pérez-Jofre, tamén profesor na mesma Facultade. E recentemente inauguramos unha exposición de Rita Rodríguez, alumna de doutoramento.

O MARCO tamén veu coincidir cun cambio xeracional, na crítica, no comisariado, nos artistas. O CGAC ocupou un lugar a principios dos noventa e o MARCO protagonizou outro momento.

Si, de feito todos os que estivemos traballando pasamos polo CGAC nalgún momento. Estes sitios axudan a formar profesionais da cadea artística. Respecto á crítica, a verdade é que non hai demasiada crítica especializada en Galicia, nin tampouco comisariado. Se para un artista novo é difícil empezar, para un comisario novo é moito máis difícil. Para nós é moi complicado darlle unha primeira oportunidade a un comisario sen experiencia. Do mesmo xeito que fai falla un centro de recursos, é necesario que existan lugares intermedios nos que os novos comisarios poidan empezar a facer os seus primeiros proxectos. Sitios adecuados coma a Casa da Parra de Santiago poderían cumprir esa función, ou outro tipo de espazos alternativos que en Galicia non existen.

¿Cales son os retos do MARCO?

Estamos nunha boa situación. Quizais non viría mal un impulso de cartos para poder facer máis cousas. Temos demostrado que con pouco persoal e un orzamento axustado se

poden facer proxectos interesantes. En calquera caso, o MARCO é aínda un museo novo, acabamos de cumprir catro anos. Os nosos obxectivos a medio prazo teñen que ver con consolidar o que se ten feito e seguir establecendo redes de colaboración, empezando polo local. Estamos desenvolvendo unha programación ambiciosa e arriscada, pero ó mesmo tempo semos conscientes de onde estamos e ata onde podemos chegar. Intentamos manter unha coidada liña de publicacións, tan necesarias para dar a coñecer o marco teórico de cada mostra. Queremos que o MARCO sexa un centro de produción, de investigación, de educación e de debate e non un mero colector de exposicións.

Ilustracións

- 1 Iñaki Martínez Antelo, director do MARCO
- 2 MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo. Fachada principal, rúa Príncipe. Foto cortesía do MARCO / Enrique Touriño
- 3 MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo. Espazo Anexo. Foto cortesía do MARCO / Enrique Touriño
- 4 MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo. Vista das salas do 1º andar. Exposición Switch on the Power!, 2006. Foto cortesía do MARCO / Enrique Touriño
- 5 MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo. Vista da rúa Londres cunha fotografía de Carne Nogueira. Exposición urbanitas, 2006. Foto cortesía do MARCO / Enrique Touriño
- 6 MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo. Exposición CHIKAKU, Tempo e memoria en Xapón. Performance La Charme, de Emilio Kasahara. Foto cortesía do MARCO / Enrique Touriño
- 7 MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo. Visita escolares nas salas de exposición. Foto cortesía do MARCO / Enrique Touriño